



Apúntate á compostaxe

PROGRAMA EDUCATIVO

2021 - 2022



revitaliza

 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA

 **CEIDA**
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

PRESENTACIÓN DO PROGRAMA REVITALIZA

A xestión de residuos é un dos principais problemas ambientais aos que diariamente se teñen que enfrontar os Concellos. A Deputación de Pontevedra fai unha aposta clara pola colaboración cos concellos na posta en marcha de plantas de tratamento biolóxico e polo impulso da compostaxe, tanto a escala individual como comunitaria e comarcal.

É precisa a colaboración da poboación local para reducir os elevados custes da recollida e tratamento dos residuos, separando e levando a materia orgánica aos composteiros.

Este programa vai dirixido ao alumnado de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato dos centros educativos pertencentes aos concellos adscritos ao Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra, acompañado dunha formación específica tamén para o profesorado.

OBXECTIVOS DO PROGRAMA

- Concienciar á comunidade educativa da problemática dos residuos.
- Acadar un cambio de actitudes e responsabilidade na separación dos residuos orgánicos domésticos.
- Compromiso persoal ante a redución dos mesmos e co uso dos composteiros comunitarios e individuais.
- Informar sobre a importancia da compostaxe como alternativa necesaria, ao ser máis económica e ecolóxica que os tratamentos actuais.

Obxectivos Específicos

- Traballar coa comunidade educativa dos centros educativos das zonas onde haxa composteiros comunitarios.
- Coordinar e facer un seguimento individualizado do programa educativo en cada centro, ofertando e adecuando as actuacións do programa ás demandas de cada equipo educativo.

📍 Para calquera dúbida sobre o presente programa, contactar en:

✉ revitalizapontevedra@gmail.com ☎ 986264193 - 986505180 - 607351501

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE O ESCENARIO PROVOCADO POLA AFECTACIÓN DO COVID-19 PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS

Aínda que a situación Covid semella mellorar no momento da convocatoria deste programa, seguimos mantendo as precaucións para evitar os riscos de contaxio.

Este protocolo pode mudar en calquera momento atendendo ás indicacións das autoridades competentes.

Obxectivos

- Ofrecer pautas para a adaptación das actividades educativas de Revitaliza ao novo escenario provocado pola afectación do COVID-19.
- Favorecer o coñecemento e correcta aplicación das medidas hixiénico-sanitarias para o equipo educativo, os Centros de Ensino e nenos e nenas participantes en cada actividade.
- Establecer un protocolo de actuación que permita dar unha resposta ante un posible caso infeccioso por COVID-19.

Pautas xerais

É preciso establecer un compromiso conxunto entre as entidades organizadoras da actividade (Deputación de Pontevedra, Concellos, Centros de Ensino, etc), as familias e os propios participantes para que o desenvolvemento das actividades se poida realizar coas máximas garantías posibles.

Deste xeito, non poderán participar nestas actividades as persoas que se atopen na seguinte situación, que será aplicable tanto para o equipo educativo das actividades, así como para os nenos/as e mozos/as participantes:

- Se a persoa é diagnosticada positiva por COVID-19.
- Presenta calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar) que poida estar asociada co COVID-19 durante os 10 días previos á súa participación.
- Estivo en contacto estreito ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersonal con algunha persoa afectada por COVID-19 nos 10 días previos á súa participación.

Desenvolvemento das actividades

Traballaremos en grupos reducidos, para acadar a seguridade necesaria segundo o establecido polas autoridades sanitarias e escolares, podendo realizarse varios grupos no mesmo día.

O contido das actividades será mixto, cunha pequena parte teórica e outra práctica, traballando nos distintos aspectos da compostaxe dunha maneira lúdica.

- A duración das actividades será entre 50 e 100 minutos.
- Durante o desenvolvemento das actividades organizar aos participantes en grupos seguindo as directrices establecidas polas autoridades en cada momento e respectando a ratio en función da capacidade do espazo empregado.
- Deberase informar aos participantes das medidas de seguridade a cumprir durante a realización da actividade
- Dispoñer de xel desinfectante na zona de recepción do grupo.
- Ter a man os números de emerxencias e centros de saúde próximos.
- Evitar o uso compartido de materiais ou ferramentas.
- Evitar coller pertenzas alleas, así como o material do monitorado.
- Ase mesmo, o monitorado procurará non compartir os seus medios particulares de traballo, tales como ordenadores, móbiles ou papelería. De ser necesario facelo, procederase a desinfectar o material posteriormente.
- Antes de cada quenda será preciso levar a cabo a pertinente hixienización do material empregado.
- Intentar na medida do posible realizar as actividades ao aire libre, poderanse dividir os grupos para realizar actividades en réxime de rotación no interior e exterior.
- De non ser posible, nas accións en espazos pechados débese poñer especial atención ao distanciamento físico de 1,5 metros.
- En caso de ter que realizar actividades no interior, habilitar unha sala na que se garanta a distancia de seguridade.
- O/a Educador/a Ambiental deberá apoiarse en medios que poidan facilitar a distancia de seguridade entre os participantes.

Medidas de hixiene e prevención

Tanto o persoal monitor como as persoas participantes na actividade deberán seguir unha guía de pautas persoais de hixiene e prevención cada día da actividade.

- Manter a distancia interpersonal de seguridade sempre e cando sexa posible, priorizando aquelas actividades que faciliten este distanciamento.
- Deberase empregar o uso de máscara tanto por parte do persoal monitor como das persoas participantes durante toda a actividade.
- Hixiene de mans frecuente con auga e xabón ou solucións hidroalcolicas. É importante que, cando menos, esta hixiene de mans se realice ao comezo e remate de cada actividade, tras cambiar de actividade e despois de ir ao lavabo.
- Ao tusir ou esberrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- Usar panos desbotables e tirar estes tras o seu uso.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- O uso de guantes non é recomendable de xeito xeneralizado, só para casos particulares.
- No caso de cabelo longo, levalo recollido (con goma, cinta ou elemento axeitado semellante).
- Procurarase que cada participante teña material de uso individual, non compartido. Se isto non fose posible, tras cada uso e antes de ser utilizado de novo por outra persoa, este material deberá desinfectarse ou hixienizarse de xeito adecuado.
- É recomendable unha ventilación constante dos espazos pechados.
- Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo.
- Empregar papeleiras con tapa e apertura de pedal ou bolsas de lixo que poidan pecharse despois de cada actividade e desbotar no contedor axeitado.

Formación e información

Todos os monitores do equipo educativo de Revitaliza teñen feito o curso formativo específico en medidas Covid-19 para as actividades educativas, e especificamente coñecen a *Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos*:

- https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Guia_actuacion centros educativos.pdf

Declaración responsable

As persoas do Equipo Educativo asinan, antes do comezo do programa, unha declaración responsable, que recolle os seguintes puntos:

- Certificado da vacina Covid-19.
- Condicións de saúde da persoa participante, na que se acredite non padecer ningunha enfermidade contaxiosa, nomeadamente o COVID-19, así como ningunha sintomatoloxía asociada á mesma.
- Aceptación, tras información previa por parte da organización, das condicións de hixiene e prevención nas que se vai a desenvolver a actividade.
- Aceptación de notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

Esta declaración está ao dispor dos Centros de Ensino no caso de ser preciso.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES E ADAPTACIÓNS COVID19

Revisión das actividades para adaptalas á actual situación.

Manterase o proxecto educativo, coas seguintes especificacións:

- Controlar o aforo dos espazos dispoñibles, e dividir os grupos noutros mais pequenos no caso de ser necesario
- Realizar as actividades con 2 ou mais monitores/as no caso de non ser posible dividir ao grupo se a actividade o require

Farase unha proposta o mais personalizada posible, tanto na duración, número de participantes, espazos a empregar e circunstancias de cada centro, sempre atendendo á normativa de Sanidade e Ensino de cada momento.


CONTIDOS DO PROGRAMA

Actividades didácticas en centros de ensino

Realizadas no propio centro de ensino polo equipo didáctico de Revitaliza, coas adaptacións metodolóxicas oportunas segundo o nivel correspondente.

Solicitaranse cubrindo e enviando a ficha correspondente (véxase final do documento).

En todo caso, as actividades non terán custe para os centros.



Actividade	Xornada de formación para o profesorado
Contido	Charla de formación e achegamento á compostaxe e ao seu aproveitamento didáctico.
Destinatarios	Profesorado e ANPAs de todos os niveis educativos
Nº de participantes	Sen límite, en función da capacidade da aula
Duración	Entre 50 e 90 minutos
Necesidades de material do Centro	Canón e ordenador. Aula axeitada ao número de participantes que permita manter a distancia de seguridade.
Observacións	Poderá realizarse de forma presencial ou online segundo a preferencia dos participantes.

Formación e asesoramento documental para o profesorado

De xeito complementario e independentemente de solicitar a xornada de formación, o proxecto conta con asesoramento documental ofertado polo Centro de Documentación "Domingo Quiroga".

<http://www.ceida.org/centro-documentacion-domingo-quiroga.html>

Actividade	O Xiravai de Ecocol
Contido	<p>Proposta coa que aprenderemos o proceso de elaboración do compost para axudar a coidar a nosa terra. Concienciaremos sobre a importancia da compostaxe para coidar do planeta, lograr unha vida máis ecolóxica e unha reutilización de biorresiduos que favorezan a fertilidade das hortas e un consumo alimenticio dos/das humanos e animais máis natural e saudable.</p> <p>A proposta desenvolverase en tres seccións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O conto dos Bichocos. • "O xiravai de Ecocol". Taboleiro de xogo. • O crebacabezas: "Compostando cos petís".
Destinatarios	Educación Infantil (de 3 a 6 anos), 1º Primaria
Nº de participantes	Máximo 20 participantes por quenda
Duración	60 minutos
Necesidades de material do Centro	1 mesa e 1 cadeira para colocar os materiais. Facilitade de praza de aparcadoiro no mesmo colexio para a educadora e o transporte de materiais.
Observacións	2 quendas por día cun descanso entre elas para a desinfección do material e reorganización do espazo. Necesaria a presenza dun/dunha mestre/a durante todo o desenvolvemento da actividade.



Actividade	Charla – coloquio: A voltas coa compostaxe
Contido	<p>Consiste nun achegamento ao tema do lixo doméstico (tipoloxía, volume, precaucións), a súa xestión e tratamento, e o proceso de compostaxe da fracción orgánica.</p> <p>Cada charla vai apoiada por material audiovisual e complementario.</p>
Destinatarios	2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato
Nº de participantes	25 (1 grupo/aula)
Duración	50 minutos
Necesidades de material do Centro	Canón e ordenador
Observacións	En cada xornada lectiva se poden realizar varias charlas consecutivas



Actividade	Xogo da miñoca
Contido	Actividade deseñada e desenvolvida polo equipo educativo para abordar, de xeito lúdico e ameno a mediante un xogo nun taboleiro xigante, os conceptos básicos da compostaxe a alumnado, abordando de modo tanxencial outros aspectos relacionados (recollida selectiva doutras fraccións, etc).
Destinatarios	1º ciclo de ensino primario (6 a 8 anos)
Nº de participantes	12-15 participantes por quenda; 2 quendas por día
Duración	50 minutos
Necesidades de material do Centro	Espazo amplo para a colocación do taboleiro do xogo.
Observacións	O espazo debe de garantir a distancia de seguridade entre os participantes (aula, ximnasio, patio)



Actividade	Quen vive aí?
Contido	Coa axuda de sinxelos capturadores de fauna, material de aumento e chaves dicotómicas, realizarase a identificación de invertebrados presentes no composteiro, sinalando a súa función no proceso da compostaxe.
Destinatarios	2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato
Nº de participantes	25 (1 grupo/aula)
Duración	50 minutos. En cada xornada lectiva se poden realizar varias actividades.
Necesidades de material do Centro	Mesa para colocar o material. Canón e ordenador.
Observacións	Apoiado por medios dixitais e materiais de exposición, coidando o menor contacto entre os participantes e cos monitores.



Actividade	Microcompostaxe na aula
Contido	Obradoiro práctico no que se constrúe un pequeno composteiro para observar a evolución do mesmo (medición de diferentes parámetros) durante varias semanas na aula.
Destinatarios	3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato
Nº de participantes	25 (1 grupo/aula)
Duración	50 minutos
Necesidades de material do Centro	2 mesas para a colocación do material e realización do microcomposteiro
Observacións	O microcomposteiro quedará na aula para o seguimento do proceso nas seguintes semanas, segundo as indicacións do monitor.



Actividade	Intrusos no composteiro
Contido	Nesta actividade analizaremos os residuos impropios que se poden atopar nos composteiros, a súa orixe, composición e os seus efectos sobre o medio. O principal obxectivo é a identificación dos microplásticos e coñecer o seu impacto ambiental.
Destinatarios	3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato
Nº de participantes	25 (1 grupo/aula)
Duración	50 minutos
Necesidades de material do Centro	Mesa para colocar o material. Canón e ordenador.
Observacións	Sempre que sexa posible e no caso de ter composteiro no centro, a actividade realizarase no exterior da aula.



Actividade	Charla-coloquio: Aplicacións prácticas do compost
Contido	Actividade para coñecer como se pecha o ciclo da compostaxe, usos particulares e colectivos, horta, abonos e rexeneración ambiental. Apoiada por material audiovisual e complementario.
Destinatarios	3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato
Nº de participantes	25 (1 grupo/aula)
Duración	50 minutos
Necesidades de material do Centro	Canón e ordenador
Observacións	En cada xornada lectiva se poden realizar varias charlas consecutivas



Actividade	Experiencias co pH do solo
Contido	Actividade teórico/práctica para coñecer a calidade do solo, o seu pH e as opcións de cultivo mais axeitadas segundo a tipoloxía de cada un e os aportes de compost. Exposición teórica na aula seguida dun experimento práctico.
Destinatarios	2º e 3º ciclo de primaria, secundaria e bacharelato
Nº de participantes	25 (1 grupo/aula)
Duración	Entre 50 e 90 minutos segundo a dispoñibilidade do grupo.
Necesidades de material do Centro	Mesa para colocar o material. Canón e ordenador.
Observacións	No caso de dispor de 90 minutos, o experimento farase con mais tipos de solos e con maior contido.



Actividade	Posta en marcha do composteiro no centro
Contido	Montaxe do composteiro, achega de materiais. Instrucións para o mantemento do composteiro, coidados básicos e solución de eventuais problemas.
Destinatarios	Todos os niveis educativos
Nº de participantes	12-15 participantes por quenda; posibilidade de varias quendas .
Duración	Entre 15 e 30 minutos por quenda
Necesidades de material do Centro	Espazo no exterior axeitado para a colocación do composteiro.
Observacións	A actividade non inclúe o composteiro, tendo que ser proporcionado polo centro ou por outra entidade colaboradora.



Actividade	Visita ao Centro de Compostaxe Comunitaria
Contido	<p>Consiste na visita, comentada e guiada, ao C.C.C. máis próximo ao centro de ensino, observando o proceso da compostaxe no contexto veciñal. Guiado polas explicacións do persoal técnico correspondente, contando cun membro do equipo educativo para estruturar a actividade e optimizar o aproveitamento pedagóxico da experiencia.</p> <p>Finalmente, cando é posible, realízase o peneirado dunha fracción do compost, e a entrega a cada participante dun sobre cunha pequena mostra do mesmo.</p>
Destinatarios	Todos os niveis educativos
Nº de participantes	12 – 15 por cada quenda, podendo facerse varias quendas na mesma xornada.
Duración	Entre 25 e 50 minutos
Necesidades do Centro	Transporte do grupo no caso de non poder desprazarse camiñando
Observacións	<p>Cada quenda terá que estar acompañada por un/unha mestre/a.</p> <p>Actividade suxeita a dispoñibilidade, consultar cada caso.</p>



Actividade	Exposición didáctica itinerante sobre compostaxe
Contido	Composta por 9 paneis sobre o proceso da compostaxe.
Destinatarios	Todo o centro de ensino
Nº de participantes	Sen límite
Duración	O período de préstamo será dunha semana.
Necesidades de material do Centro	Espazo libre para a instalación, con capacidade para os 9 paneis de 1 m de ancho e espazo para a visita do alumnado.
Observacións	A cesión será gratuíta, e será instalada polo equipo educativo de Revitaliza aproveitando algunha das xornadas de actividades no centro de ensino O centro de ensino responsabilizarase dos materiais da exposición durante o período de préstamo, así coma do cumprimento das bases de cesión.



PROGRAMA REVITALIZA CURSO 2021-2022

FORMULARIO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Centro			
Localidade			
Persoa de contacto		Cargo	
Teléfono de contacto		Correo-e	
Observacións			

Actividade solicitada	Curso	Núm. participantes	Datas preferentes (indicar varias opcións)

Eu ⁽¹⁾, _____
 en calidade de ⁽²⁾, _____
 do Centro antes citado, e na data indicada, confirmo a solicitude desta actividade.

Asinado ⁽³⁾	
------------------------	--

Data: _____

⁽¹⁾ Nome e apelido do que fai as veces de representante/interlocutor da entidade para esta comunicación

⁽²⁾ Cargo que ocupa: Director, Secretario, Coordinador, Orientador, Profesor da materia, etc.

⁽³⁾ Enviar escaneado